



COMENTARIOS Ó “PRIMEIRO DOCUMENTO DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA GALEGA DE CONSERVACIÓN E USO SOSTIBLE DA BIODIVERSIDADE”

CAPÍTULO 4º DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL.

Comentario xeral

O capítulo límitase a unha enumeración apresurada de datos, a miúdo pouco elaborados e actualizados e, ás veces, pouco relacionados coa biodiversidade galega.

4.1.2 Compoñentes da diversidade biolóxica de Galicia e a súa valoración

- Bosques: non contempla o teixedal de Casaio, a laurisilva da Illa de Cortegada e os bosques mixtos caducifolios-perennifolios que se atopan na zona de transición entre as rexións eurosiberiana e mediterránea.
- Zonas húmidas: non se mencionan os últimos vestixios dos humidais da Limia.
- Hábitats naturais: esquecese de novo a Laurisilva de Cortegada, malia ser contempladas as laurisilvas na Directiva Hábitats.
- Especies silvestres: Non se fala en ningures das especies alóctonas que polo seu carácter invasor ou por ser vectores de axentes patóxenos ameazan ou poden ameazar especies ou poboacións autóctonas.
 - a. Flora vascular: faltan especies ameazadas según o recente catálogo de Ortiz et al. (1998).
 - b. Fauna: a recopilación é incompleta (ou moi incompleta) en casi tódolos grupos e as categorías de risco (UICN) para Galicia son a miúdo incorrectas.
 - Invertebrados: o listado é moi pobre.
 - Vertebrados.
 - Réptiles: non se fala para nada dos mariños, e entre os terrestres ameazados faltan *Psammodromus hispanicus* e *Blanus cinereus*
 - Aves: non se contemplan as especies non reproductoras, nin siquera as que teñen en Galicia cuarteis de invernada de importancia ibérica ou europea.
 - Mamíferos: non se consideran os mariños, e entre os terrestres ameazados e/ou incluídos na Directiva Hábitats faltan alomenos *Rhinolophus euryale*, *Myotis bechsteini*, *Myotis blythi*, *Hypsugo savii*, *Barbastella barbastellus* e *Tadarida teniotis*.

4.1.3 Recursos xenéticos

Coas ansias de poñer todo o que está a facer a Xunta de Galicia, inclúense temas pouco relacionados coa conservación da biodiversidade en Galicia, por exemplo recursos xenéticos tan pouco ameazados como os do piñeiro (tratamento contra a procesionaria...), o eucalipto (estabilidade sanitaria...) ou o abeto de Douglas.

4.2.2 Análise de distintos sectores económicos

- Infraestruturas: o texto do epígrafe semella un panfleto oficial que non fai referencia algunha ás repercusións das infraestruturas na conservación da biodiversidade.

4.3 Sectores e procesos que afectan á diversidade biolóxica

- Está moi pouco elaborado, límitase a enunciar procesos e os seus efectos, ás veces mesturando os segundos entre os primeiros.
- Pesca e agricultura. Procesos: Falta a intensificación das prácticas.
- Caza e pesca fluvial. Efectos: Falta o risco de plumbismo, que non é desprezable nos terreos de caza permanente.
- Transporte. Efectos: Falta a mortalidade directa de especies animais.
- Política hidrolóxica. Efectos: Faltan a degradación da calidade das augas e as alteracións dos ciclos dos elementos e dos fluxos de sedimentos.
- Comercio. Efectos: Falta a transmisión de axentes patóxenos.
- Enerxía. Procesos: Na creación de infraestruturas conviría especificar tamén as centrais termoeléctricas, incluídos as de biomasa e R.S.U.



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono: (981) 58 44 26 (24 h)

<http://www.sghn.org>

- Efectos: Falta a sobreexplotación da biomasa vexetal nos montes.
Falta a mortalidade directa de animais e plantas.
- Industria. Efectos: Falta a mortalidade directa de animais e plantas.
- Deportes. Efectos: Falta a mortalidade directa de animais e plantas.
- Non se fala do “sector administracións públicas” que, ás veces, son a ameaza máis grave para conservación da biodiversidade en Galicia:
 - Concentracións parcelarias de terras agrícolas e forestais.
 - Plans contra incendios forestais que hipertrofian a rede de pistas e cortalumes.
 - Selado e clausura de explotacións mineiras abandonadas, que ameaza á fauna que se refuxia nelas.
 - Paseos fluviais e marítimos que estragan as ribeiras.
 - Recuperación de monumentos e cascos históricos que esquecen a súa importancia para moitas especies animais protexidas e/ou ameazadas: cirrios, anduriñas, rapaces nocturnas, morcegos.

4.4 Plans e programas

- Os plans de manexo, reintroducción e recuperación de especies está practicamente restrinxido a vertebrados de interese cinexético (caza e pesca fluvial) presente (salmón, charrela, coello, xabarín e corzo) ou futuro (cabra montesa e oso), demostrando claramente que, alomenos ata agora, á Xunta de Galicia só lle preocupaba un grupo moi reducido e particular de especies animais.
- Na recuperación de ríos non se contempla a erradicación das especies alóctonas.

En Santiago de Compostela, a 3 de Marzo de 1999

Representante da S.G.H.N.
Mesa de Axentes Sociais sobre Biodiversidade.